

Tradución

Vidas especiais

Escrita limpa e demorada na novela de Ishiguro que gañou o Premio de Novela Europea Casino de Santiago

Non me deixes nunca ·

Kazuo Ishiguro ·

Galaxia, 2007 ·

424 páx · 18 euros



Desde a primeira páxina sabemos que Kathy H. é coidadora de doadores, función que desenvolve desde hai once anos aos seus actuais trinta e un. Partindo dese presente vai debullando a súa nenez no colexio de Hailshan, a adolescencia nas Cottages e a primeira fase da vida adulta fóra deses mundos pechados e, en certo modo, protexidos do exterior.

De xeito demorado Kathy vai contando con detalle a relación que mantén cos seus amigos Ruth e Tommy e como evoluciona a través de miudezas en aparencia pouco significativas que trazan un tapiz das súas “especiais” vidas, adxectivo que os profesores non fan máis que empregar para referirse aos alumnos de Hailshan. Entre medias palabras, alusións máis claras ou máis veladas, imos descubrindo que se trata en realidade dunha granxa de clons cuxo destino nesta vida é o de servir de pezas de reposto a quen os necesite. Mais non

por iso se converte esta obra nunha novela de ficción científica habitual, pois no que ela destaca non é tanto esa situación, canto o ir e vir da protagonista polo seu pasado e o seu presente, os seus sentimentos, os encontros e desencontros que se suceden cos amigos, a experiencia que vai adquirindo.

Entre os diversos aspectos que chaman a atención nesta novela destacan unha limpeza narrativa que converte a lectura nun pracer tomado a pequenos grolos, un avance e retroceso no tempo que en ningún momento resulta forzado, un despregamento de pezas que van encaixando a medida que avanza o relato e unha fluidez prosística da que non é pouco responsable a tradución de Eva Almazán.

En canto aos personaxes sorprende que non se rebelen contra un destino que coñecen e asumen desde cativos, a súa devoción polas coleccións de obxectos miúdos que van recollendo nas vendas e trocos e o afán dos seus profesores para que desenvolvan a súa faceta creativa. Tan só unha profesora-titora, ante a frustración de Tommy por non ser quen de plasmar esa creatividade por medio da arte, quitará importancia a ese aspecto, aínda que máis tarde se arrepinta.



Kazuo Ishiguro. // Arquivo

Os tres personaxes principais están ben caracterizados e o que nun principio nos semellan actos inexplicables, vanse desvelando co fluír da narradora, que se dirixe a un ti que leva ao lector a implicarse aínda máis no relato. Non nos estraña que fose gañadora do premio de novela europea Casino de Santiago.

// Uxía Casal